

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA O GRUPO DE CORREO

No grupo de correo da AGPI conviven diversos usuarios, con intereses e percorridos de formación diferentes. Moitos destes usuarios descoñecen os usos dos foros de discusión no ámbito profesional e tenden a escribir coma se estivesen a falar en persoa ou como o farían en redes sociais. Por ese motivo, consideramos necesario seguir unhas pautas para que as intervencións dos socios no foro resulten efectivas e respectuosas. Aquí van algunhas pautas de estilo comunicativo no noso grupo de correo:

1. Sé breve, e escribe con concisión e claridade. Evita a ambigüidade e utiliza con prudencia o sarcasmo ou a ironía. En internet non temos o destinatario cara a cara, e un chiste pode parecer unha crítica, ou algo dito en serio pode resultar cómico se non escollen correctamente as palabras.
2. Espera a que outros participen respondan antes de realizar a túa seguinte intervención. Evita poñer varias mensaxes seguidas.
3. Vincula a túa intervención co que xa se escribiu e respecta o tema do fío. Evita expresións como «Opino o mesmo que...», repetindo o que xa se dixo coas mesmas palabras e sen engadir nada importante. Isto só demora a lectura.
4. Se nunca antes participaches nun foro, observa primeiro como funciona. Non fagas preguntas ou solicites datos que ti mesmo poderías atopar facilmente con só buscar un pouco. Podes buscar facilmente entre as mensaxes antigas na web do grupo de correo, en <http://groups.google.com/group/agpi/>
5. Evita responder a intervencións provocadoras ou comentarios que se saen do tema central do grupo de correo. Se algún dos integrantes do grupo agride ou ataca o resto, non alimentes a discusión. Non se trata de buscar confrontación, senón participación e reflexión conxunta. No caso de que a confrontación se produza de forma reiterada, o agresor/a poderá ser temporalmente desactivado do grupo de correo. A xunta directiva procederá a aclarar o tema en privado, e o caso pode dar lugar a un expediente disciplinario (que mesmo pode derivar na súa expulsión da asociación), dependendo da gravidade do conflito.
6. Procura publicar temas de interese común no grupo. Non coloques publicidade non desexada ou non solicitada.
7. Escribe correctamente. Evita o uso de abreviaturas informais como «q», «xq», «tb» ou outras típicas en mensaxes de texto de móbiles. Minimiza o uso de expresións coloquiais e outras marcas de oralidade. Revisa o teu texto antes de envialo ao grupo de correo. Utiliza unha liña en branco como separadora de parágrafos para darlle un aire máis lixeiro ao texto.
8. Cando comezas un novo tema de discusión, escribe coidadosamente o asunto e escolle un título que sintetice adecuadamente o contido da túa mensaxe.
9. Non teñas conversas directas cun só membro; para iso están as mensaxes privadas de correo electrónico.
10. Estas regras ou pautas de estilo non son normas, pero seguilas seguro que nos evitará múltiples conflitos.